

1. Líder BASKET



79 81

REBELIÓN MARINÁ

O Distribuciones Carreiras San Ciprián impúxose no derbi Provincial e pasa á segunda fase dende o segundo posto. Estudantes faíno coma campión zonal e cítase de novo con Ensino. Os tres representantes lucenses teñen a mente posta en conseguir o pase para a final four cadete e desbancar ao todopoderoso Obradoiro

CADETE LIGA GALEGA MASCULINO

Estudiantes e Ensino quedan emparexados no mesmo grupo, mentres que San Ciprián buscará o pase á final four ante Basket Ferrol, Obradoiro e Rosalía. Pola súa banda, Ribadeo, loitará pola permanencia

2ª FASE GRUPO A1	2ª FASE GRUPO A2	2ª FASE GRUPO B1
Estudiantes Ensino Lugo Seis do Nadal Peleteiro	San Ciprián Basket Ferrol Obradoiro Rosalía	Ría de Ribadeo Costa Ártabra Novobasket CB Tui

CADETE LIGA GALEGA FEMININA

Estudiantes e Ensino, os dous representantes lucenses na máxima categoría, xa coñecen aos seus rivais, tralos que agardan verse na final four

2ª FASE GRUPO A1	2ª FASE GRUPO A2
Peleteiro Candelas Ensino Bosco Salesianos Cortegada	Estudiantes Maristas Coruña Celta Zorka PBB A

Ensino segue afinando a posta a punto neste tramo de Liga

OS DE ADRIÁN GONZÁLEZ IMPUXÉRONSE EN ALLARIZ, nun encontro no que volveron plasmar na pista as boas sensacións que está deixando o equipo ao longo das semanas nos adestramentos

ALLARIZ	ENSINO
52	84
Xogador	Xogador PTS
Fernández	Eloy
Varela	Mario
Rodríguez	Antón Real
González	Cristian
Bolbillo	Hugo Rey
Vasado	Sergio
Cid	Jorge
Rodríguez	Oloqui
Alvarez	Dani López
Ferjoo	Seny
Gil	Tashunza



Hugo Rey encabeza un contraataque do Ensino nun encontro disputado no Pazo

O Durán Maquinaria Ensino segue con paso firme na recta final da Liga Galega júnior masculina na que os de Adrián González seguen afinando a súa posta a punto de cara aos play off con adestramentos de calidade ao longo da semana que se ven plasmados en pista nos partidos como sucede en Allariz.

Os lucenses visitaban a un conxunto que se xogaba os seus últimos cartuchos

para estar entre os cinco primeiros ao final da Liga regular. Con todo, Ensino apenas concedeu opcións.

Desde os primeiros minutos os de Adrián González tiveron as ideas moi claras. En ataque moveron o balón con criterio para

atopar as mellores opcións de lanzamento, que ademais estiveron acompañadas de boas porcentaxes de acerto, mentres que en defensa non se concederon tiros cómodos. Todo iso viuse reflectido no marcador co claro e con-

tudente 15-27 ao final do primeiro parcial.

A defensa continuou sendo o sinal de identidade dun Ensino que no segundo cuarto dominou o rebote e puido correr, levando o marcador ata o 32-46 co que se chegou

"UN PARTIDO DE NUEVAS SENSACIONES TRAS UNA GRAN SEMANA DE TRABAJO"

ADRIÁN GONZÁLEZ - Durán Maquinaria Ensino

ao descanso.

Allariz quixo exprimir as súas opcións de meterse no partido e seguir soñando cos play off tralo descanso cunha posta en escena moi intensa ante a que Ensino mantívose firme e tras aguantar o tirón inicial dos locais sentenciou o encontro co 11-25 co que finalizou o terceiro cuarto.

Co encontro visto para sentenza, Ensino aproveitou os últimos dez minutos para probar cousas novas en situación real de partido de cara ao tramo final de tempada no que os lucenses aínda teñen moitas cousas que dicir na máxima competición júnior masculina.

5

XORNADAS para o remate da competición na Liga Galega júnior masculina e todo parece indicar que Ensino e Estudiantes veranse as caras nas semifinais dos play off, ao manterse no cuarto e terceiro posto respectivamente.

Na próxima xornada o Durán Maquinaria Ensino recibe no Anexo a un Basket Ferrol ao que tan só unha carambola o metería ao final de curso nos play off, mentres que na seguinte cita o Ensino viaxará a Santiago para intentar retrasar o alirón do Obradoiro Peleiteiro.

A defensa eclipsou as ausencias celestes en Vilagarcía de Arousa



O celeste Diego no encontro de ida xogado no Anexo

ESTUDIANTES, con moitas baixas, desnivelou o marcador ante Sigaltec co traballo colectivo ao inicio de cada parte do encontro

SIGALTEC		ESTUDIANTES	
72		81	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Santorum		Carlos	
Rodríguez		Anxo	
Sabu		Alvaro	
Padín		Cabe	
Buceta		Jorge	
Rodríguez		Diego	
Barreiro		Pedro	
Martínez		Pape	
Porto			
Castiño			

Estudiantes mantense firme no podio da Liga Galega júnior masculina á espera de poder asaltar o segundo posto para ser cabeza de serie e anfitrións nos play off. Os lucenses empatan con Rosalia no segunda posto cun duelo directo aínda por disputar nas últimas cinco xornadas.

Para manter opcións de terminar segundos, Estu-

"GANAMOS EL PARTIDO CON CIERTA SOLVENCIA EN UNA PISTA MUY COMPLICADA"

PABLO ABUÍN - Estudiantes

diantes saíu airoso dun partido trampa en Vilagarcía, onde se mediron a un Sigaltec que segue loitando pola quinta praza nunha das pistas máis complicadas da competición. Todo iso ademais tras afrontar o encontro con moitas ausencias e con tan só oito xogadores dispoñibles.

Pese a iso, Estudiantes volveu a apelár á forza do grupo especialmente en defensa, desde onde desnivelaron o marcador ao seu favor ao comezo de cada parte do encontro.

A posta en escena estivo marcada polo listón defensivo que impuxo Estudiantes, o que propiciou perdas de balón nos

locais e contragolpes en superioridade numérica dos celestes para asinar un 11-21 no primeiro cuarto.

As forzas igualáronse un pouco máis no segundo parcial, pero Estudiantes continuou vendendo aro con facilidade nun cuarto de intercambio de canastras, 28-25 para chegar ao descanso con 39-46 no marcador.

De novo, ao comezo da segunda parte, Estudiantes púxose o mono de traballo en defensa e sacou sete puntos de vantaxe que resultaron determinantes co 13-20 de terceiro parcial co que puxeron rumbo fixo cara á súa decimocuarta vitoria da tempada na Liga

8

XOGADORES dispoñibles tivo Pablo Abuin para medirse con Sigaltec en Vilagarcía. Tres rotacións nas que todos os xogadores foron determinantes para saír airoso dunha das pistas máis complicadas da competición.

5

XORNADAS para rematar a Liga Regular nas que Estudiantes recibirá a Culleredo, Allariz e Obradoiro Peleiteiro, mentres que a domicilio visitará as pistas de Rosalia en Santiago de Compostela e de Basket Ferrol na penúltima xornada de Liga

Galega júnior masculina, competición na que Estudiantes segue buscando o segundo posto.

Estudantes mantén o pleno de vitorias na súa semana grande

TRAS IMPOÑERSE NO DERBI AO ENSINO E A CORTEGADA, o conxunto que dirixe Fernán Varela xoga mañá ante Colegio Mariano, o mércores con Compañía de María e a fin de semana ante Bosco

CORTEGADA		ESTUDIANTES	
32		84	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Fernández		Eva	
Suárez		Maria	
De Angelis		Sabela	
Blanco		Yashina	
Potel		Marta	
Barcala		Silvia	
Nieto		Claudia	
Fernán		Cristina	
Chavex		Nuria	
Navarro		Laura	
Renda		Carla	
Rios			

Estudantes transita pola súa semana grande con sobresaliente, na que o conxunto que dirixe Fernán Varela disputará cinco encontros practicamente consecutivos nos que se xoga as súas opcións de meterse nos play off.

A conta empezou da mellor forma posible tras impoñerse entre semana ao Ensino no derbi capitalino, 75-77 tras un encontro no que as celestes souberon sufrir nos seus peores

"MUY CONTENTO CON EL TRABAJO QUE ESTÁ REALIZANDO EL EQUIPO. SOBRE TODO CON ESTE CALENDARIO TAN APRETADO QUE ESTAMOS AFRONTANDO" FERNÁN VARELA - Estudantes

momentos para manterse con opcións e desnivelar o marcador ao seu favor na recta final. A seguinte escala foi en Vilagarcía, ante o último clasificado, cunha nova vitoria nun partido marcado pola seriedade no xogo das celestes.

Estudantes foi de menos a máis, cunha boa defensa nos primeiros minutos que non se viu reflectida no marcador polos fallos na definición, ata en contraataques en superioridade numérica.

CLB intentou engancharse ao encontro e conseguiu en certa medida ao longo da primeira parte. Con todo, tralo descanso, Estudantes rompeu completamente o encontro ao

seu favor e puxo rumbo fixo cara á súa segunda vitoria na semana grande.

Mañá Estudantes desprázase a Vigo para medirse con Colegio Mariano nun duelo directo por unha praza nos play off. O encontro, que se tiña que disputar en Lugo, xogaran as lucenses a domicilio tras ter que suspenderse no seu día pola condensación no Anexo. Un novo contratiempo que Estudantes afrontará da mellor forma que sabe, competindo ao máximo e tras facer noite en Vigo, as lucenses xogarán un encontro adiantado ante Compañía de María apenas 15 horas logo de medirse con Colexio Mariano.

5

PARTIDOS nunha semana afronta Estudantes na Liga Galega júnior feminina, onde as celestes ademais se xogan as súas opcións de alcanzar os play off da competición

2

VICTORIAS A semana grande do Estudantes arrincou da mellor das formas posibles, con dúas vitorias. A primeira no derbi ante Ensino e a segunda en Vilagarcía ante Cortegada

2

PARTIDOS EN 15 HORAS Estudantes visita mañá a Colegio Mariano e o mércores midease a Compañía de María, ambos encontros en Vigo, en busca de dúas vitorias



María Corredoira iniciando unha xogada no Anexo

Costa Ártabra pagou os pratos rotos tralo derbi capitalino

O DURÁN MAQUINARIA ENSINO volveu á senda da vitoria cun dos partidos máis regulares dende a chegada de Juan Nécega tras caer ante Estudantes entre semana

C. ÁRTABRA	ENSINO
52	96
Xogadora	PTS.
Arteaga	Laura
Rivas	Natalia M.
Pérez	Eva
Porto	Alba
Souto	Carmen
Horjales	Natalia G.
Ferro	Elena
Villanovo	Paula
Valero	Matea
Permyu	
Miragalla	
Pousa	

O Durán Maquinaria Ensino fixo borrón e conta nova trala derrota sufrida entre semana no derbi capitalino ante Estudantes, 75-77, un marcador final co que as de Juan Nécega manteñen o average particular tras impoñerse no partido de ida por cinco puntos.

Costa Ártabra pagou os pratos rotos e a conta que deixou o derbi. Ensino



Matea, que se foi ata os 25 puntos, encarando o aro rival nun partido no Anexo

desprazouse a Ferrol onde asinou un dos partidos máis regulares desde que Nécega se fixo cargo do equipo.

Desde os primeiros minutos as lucenses impuxeron un ritmo moi alto co listón defensivo a un moi bo nivel e cun ata-

que fluído no que todas as xogadoras vían aro con facilidade, de aí ao 13-30 co que finalizou o primeiro cuarto.

"CONSEGUIMOS QUE LOS ALTIBAJOS DE JUEGO QUE VENIMOS PASANDO EN LAS ÚLTIMAS JORNADAS DESAPARECIERAN CASI POR COMPLETO"

JUAN NÉCEGA - Durán Maquinaria Ensino

Costa Ártabra intentou cortar a sangría e axustou a defensa, propiciando os dez minutos máis iguais de encontro, nos que, con todo, Ensino conseguiu ampliar a vantaxe ata o 26-45 co que se chegou ao descanso.

Tralo paso polos vestiarios Ensino volveu tomar as rendas do encontro con autoridade, rompendo aínda máis o marcador cun terceiro parcial de 12-29. Lonxe de baixar o ritmo, as lucenses quixeron gañar en boas sensacións e mantiveron o listón de exigencia ata o final do encontro cun último parcial de

14-22 para deixar o marcador final no claro e contundente 52-96.

Próxima xornada

A piques de certificar a súa presenza nos play off, o Durán Maquinaria Ensino ten unha nova oportunidade a próxima xornada para seguir gañando en confianza, xa que o conxunto que dirixe Juan Nécega midease a un Cortegada que tan só gañou un encontro no que vai de tempada. Pola súa banda, as lucenses, con 12 vitorias, están a un paso de asegurar a súa presenza nos play off da Liga Galega júnior feminina.

9

XOGADORAS lucenses disputaron o encontro en Ferrol e todas anotaron puntos ademais de aportar en distintas facetas do xogo ao longo dos corenta minutos ante Costa Ártabra no Pavillón Javier Gómez Noya

Punto e final cunha nova declaración de intencións

ESTUDIANTES

compartirá grupo na segunda fase con Maristas, Celta e Porriño

ROSALÍA		ESTUDIANTES	
38		86	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
De Paz		Lian	
Lado		Iria	
Hermo		Celia	
Riveiro		Candela	
Lago		Enma	
López		Maria	
Casuso		Marta F.	
Noja		Claudia	
Fernández		Laura	
		Carla	
		Marta R.	

"ESTOY MUY CONTENTO CON EL TRABAJO DE TODAS LAS JUGADORAS A LO LARGO DE LA PRIMERA FASE. HEMOS TERMINADO COMPTIENDO A NUESTRO MEJOR NIVEL"

FERNÁN VARELA - Estudiantes

Estudiantes finalizou segundo, empatado con Peleteiro no primeiro posto, tras impoñerse con autoridade en Santiago de Compostela a Rosalia nun último encontro no que as de Fernán Varela volveron mandar aos seus rivais unha declaración de intencións de cara á segunda fase.

Maristas, Coruña, Celta de Vigo e Porriño serán os rivais das lucenses en busca da final four, á que accede o primeiro clasificado directo, mentres que o segundo e terceiro xogarán un cruzamento. O cuarto, queda eliminado.

Estudiantes demostrou ao longo da primeira fase que aínda non atopou o seu teito e que se presenta na segunda fase coas espadas en todo o alto.

Ante Rosalia, as lucenses desnivelaron o encontro con autoridade desde os primeiros minutos cun xogo sólido e efectivo co que foron ampliando a diferenza no marcador ata o definitivo 38-86.



Marta Fernández co balón

Ribadeo será cabeza de rato na loita pola permanencia

SAMA PERDE A JOAQUÍN PARA O RESTO DE TEMPADA ao ter que pasar polo quirófano o xogador mariño tras confirmarse a grave lesión de xeonllo

CULLEREDO		RIBADEO	
88		69	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
García		Iker	22
Seoane		Jorge	
Cuadrado		Cristian	15
Iglesias		Dario	10
López		Dani	
Lorenzo		Manu	22
Rodriguez		Lucas	
Quiles			
Santiago			
Gago			
Abeal			

O Ría de Ribadeo puxo o punto e final á primeira fase coa espina cravada de saber ata onde poderían chegar esta tempada sen lesións. O último en caer foi Joaquín, ao que esta semana confirmáronlle os peores presaxios e terá que pasar por quirófano, polo que se perde o resto de tempada.

En poucas xornadas Sama puido contar con todos os seus xogadores, pero cando os tivo á súa disposición Ribadeo com-

"MUCHO ÁNIMO A JOAQUÍN, ESPERAMOS QUE SE RECUPERE PRONTO Y BIEN PARA QUE VUELVA A DISFRUTAR DEL BALONCESTO CON NOSOTROS"

SAMA - Ría de Ribadeo

petiu e gañou aos equipos que loitarán polo título galego. Os mariños quedaron fóra do corte dos catro primeiros pero serán cabeza de rato nunha segunda fase na que cada xornada valerá o seu peso en ouro ao descender tres dos catro equipos que comparten grupo con Ribadeo.

A Culleredo os mariños desprazáronse co xusto, con sete xogadores, un hándicap que acusaron co paso dos minutos.

De inicio as forzas estiveron igualadas, e cunha boa defensa Ribadeo tomou o mando no marcador no primeiro parcial, 13-25, mentres que no segundo, entre as decisións arbitrais e a falta de rotacións,

4

EQUIPOS, Novobasket, Tui, Costa Artabra e Ribadeo quedan emparellados na loita por evitar o descenso. O campión de grupo sálvase, os outros tres, descenden

1

LESIÓN MÁIS na histórica tempada do Ría de Ribadeo, que debutaba nunha Liga Galega cadete masculina, as baixas frearon en seco a un equipo que con todos ao completo demostrou ter potencial para estar no corte dos mellores

Culleredo tomou as rendas cun parcial de 25-10, sentenciando o encontro na segunda parte.



Joaquín nun lance do xogo nun encontro desta tempada

Peleteiro, Bosco e Cortegada, no grupo do Ensino na segunda fase

AS LUCENSES PASAN COMO TERCEIRAS, pero sendo un dos equipos con máis proxección dende inicio de tempada. A final four será o obxectivo a alcanzar

C. ÁRTABRA		ENSINO	
56		84	
Xogadora	PTS	Xogadora	PTS
Aller		Silvia	9
Arteaga		Eva	26
Freire		Paula	22
Rodriguez		Lorena	2
Pérez		Carla P.	2
Porto		Lucía	8
López		Sabela	5
Alvarez		Leire	2
Cotovad		Enma	8
Fernández		Carolina	3
		Carla G.	2
		Sara	

O Cafés Candelas Ensino citase na segunda fase con Peleteiro, Bosco e Cortegada na loita pola final four da Liga Galega cadete feminina. As lucenses debutarán na segunda fase nun dos seus mellores momentos da tempada tras conseguir David Martínez e Aigor Romo que todas as xogadoras se sintan importantes e con iso todas aporten en defensa e en ataque.

A última proba, sen pre-

"ESTAMOS ORGULLOSOS DEL NIVEL DE COMPROMISO Y ESFUERZO DEMOSTRADO POR PARTE DEL EQUIPO. PARTIDO MUY CONSTANTE GRACIAS AL TRABAJO DE TODAS LAS JUGADORAS"

DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO - Cafés Candelas Ensino

sión polo resultado final, superouna o Ensino con nota en Ferrol tras impoñerse a Costa Artabra.

A posta en escena xa foi unha declaración de intencións, coa intensidade por bandeira impoñendo un listón defensivo moi alto co que roubaron moitos balóns e anotaron fácil para poñer moi pronto terra polo medio no marca-

+20

PRIMEIRO CUARTO O Ensino desnivelou o marcador cuns primeiros dez minutos que foron do mellor da tempada e que se viron reflectidos no marcador cun parcial inicial de 13-33 en Ferrol

dor cun parcial inicial claro e contundente de 13-33.

Tras uns dos primeiros dez mellores minutos da tempada, chegou unha certa relaxación coa que as locais puxéronse a 13 puntos no marcador, obrigando a solicitar un tempo morto co que Ensino volveuse enchufar ao partido ata chegar con 29-50 ao descanso.

Xa na segunda parte as locais mantivéronse con vida con moitísimo acerto desde o tiro libre, pero co paso dos minutos Ensino volveu descolgar ao seu rival exhibindo fondo de armario co que conseguiron poñer un ritmo alto que Costa Artabra non logrou manter.



Sabela subindo o balón nu partido no Anexo



Antón a piques de lanzar a canastra nun lance do derbi disputado no Anexo o pasado venres ante Andrés, Lucas e Diego Serguei

Carlos sentenciou o derbi e San Ciprián é segundo

UNHA CANASTRA DO MARIÑO A FALTA DE DOUS SEGUNDOS mete aos de Manolo Cobas como segundos na seguinte fase. Estudiantes ao Grupo A1 coma campión zonal

ESTUDIANTES		SAN CIPRIÁN	
79		81	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Alvaro	21	Mario	24
Dani	19	Antón	10
Oscar	10	Carlos	9
Lucas	6	Dani	5
Cristian	6	Marcos	4
Rafa	5	Miquel	
Serguei	4	Hugo	23
Germán	4	Manuel	6
Brais	4		
Andrés	4		

Estudiantes, xa co primeiro posto asegurado, recibiu a San Ciprián na última xornada da primeira fase na que os de Manolo Cobas buscaban unha vitoria para romper a dinámica de dúas derrotas consecutivas, pero sobre todo para pasar á seguinte fase como segundos.

Ao final gañou o que máis o necesitaba e fixoo nun gran partido cunha canastra de Carlos a falta de tan só dous segundos nun final de partido a cara ou cruz entre os

“TENEMOS QUE APRENDER A MANTENER NUESTRA EXIGENCIA ALTA, SI NO ES ASÍ, LO PASAREMOS MAL EN LA SEGUNDA FASE”

JAVI PEINÓ - Estudiantes

dous mellores equipos do Grupo Norte nesta primeira fase.

Estudiantes afrontou o encontro sen os lesionados Mikel e Simón, pero os de Javi Peinó tiveron unha gran posta en escena tomando as rendas no marcador cun parcial inicial de 10-0. Manolo Cobas cortou a sangría cun tempo morto, e con moitísimo acerto desde o tiro exterior cun Hugo imparable. San Ciprián meteu-se de cheo no partido co 22-21 co que finalizou o primeiro parcial.

No segundo Estudiantes volveu estirar a diferenza, pero antes do descanso chegou unha nova reacción dos mariñoas con Mario como prota-

“NOS HACÍA FALTA UN PARTIDO COMO ESTE TRAS LAS DOS ÚLTIMAS DERROTAS, GANARLE AL LÍDER EN SU CASA SIEMPRE REFUERZA”

MANOLO COBAS - San Ciprián

nista para igualar forzas co 43-41 co que terminou a primeira parte.

San Ciprián xogou os seus mellores minutos no terceiro cuarto, dándolle a volta ao marcador cun parcial de 10-19 para chegar aos últimos dez minutos mandando no marcador.

Estudiantes tirou da súa condición de líder e con tres tiros libres anotados por Dani, empatou o encontro no último minuto. San Ciprián tivo a cabeza fría e logrou a canastra da vitoria con dous puntos de Carlos que ademais de valer a vitoria nun derbi, en casa do líder, serviron para asegurarse o segundo posto.



Carlos, autor da canastra da vitoria, defendido por Germán



Mario co balón ante o infantil Diego Serguei



Dani encarando a Antón ante a mirada de Serguei



Manolo Cobas dando instrucións aos seus xogadores nun tempo morto

Ensino cítase con Estudiantes, Seis do Nadal e Peleteiro na segunda fase

TERCEIROS do grupo Norte tras resistir San Ciprián a presión capitalina

C. ÁRTABRA		ENSINO	
46		65	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Fuente A		Samuel	
Fuente P.		Durán	
López		Ruano	
Couce		Martínez	
Pulpeiro		Juan Bao	
Lage		Alex Bao	
Morate		Joel	
Carro		Seru	
Fernández		Tchunza	

“MUCHO TRABAJO, MÁS DE LO QUE REFLEJA EL RESULTADO FINAL. AHORA EMPEZAMOS DE CERO DE NUEVO”

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

San Ciprián, tras impoñer-se no derbi a Estudiantes, aguantou a presión do Ensino, que buscaba o segundo posto na primeira fase. Ao final os de Adrián González pasan como terceiros a un grupo no que se volverá ver as caras con Estudiantes ademais de ter como acompañantes a Seis do Nadal e Peleteiro.

Na última xornada, conscientes de que San Ciprián gañara a Estudantes o venres, Ensino viaxou a Ferrol para medirse con Costa Ártabra nun partido no que foron de menos a máis, marcando o camiño a seguir na segunda parte do encontro.

A posta en escena foi moi discreta, co equipo frío e pouco intenso cometendo fallos en ataque, mentres que a defensa íase entonando co paso dos minutos pese ao 11-9 de primeiro parcial.

No segundo Ensino empezou a crecer desde a defensa, asentando as bases atrás e deixando ao seu rival en 9 puntos para chegar ao descanso con vantaxe no marcador, 20-25.

Na segunda parte o Ensino mostrou o camiño a seguir. Moi serios en defensa e atopando vías para anotar en transicións e en estático, para ir des-nivelando o marcador co paso dos minutos, 13-18 no terceiro cuarto e 13-22 no último para pechar a primeira fase con boas sensacións tralo 46-65 final en Ferrol.

Paso de xigante para Ribadeo, que deixa a Hierros moi tocado de cara á volta

A VANTAXE DE 26 PUNTOS TRALO 51-77 NO ANEXO pon a eliminatoria moi de cara para o conxunto dirixido por Sama, que a próxima fin de semana terá ademais a favor o factor campo

Trala disputa a pasada fin de semana da primeira semifinal, na que CB Viveiro se impuxo a Ensino por 72-89, esta xornada era a quenda de Hierros Ferreiro e CB Ría de Ribadeo, que se enfrontaban no Anexo no encontro de ida. Na Liga regular o balance fora dunha vitoria para cada equipo, polo que o partido do domingo prevíase de máxima igualdade.

Nada máis lonxe da realidade. Co encontro de volta aínda por disputarse, os mariños deron un golpe case definitivo á eliminatoria gañando de 26 puntos aos capitalinos. Coa seriedade por bandeira dende o principio, CB Ribadeo foi dominando cuarto tras cuarto ante un Hierros coas importantes baixas de Julián e Adrián

Paz, e cunha semana de adestramentos irregular que lles pasou factura.

O maior acerto do conxunto mariño no tiro exterior e o dominio no rebote ofensivo foron decantando pouco a pouco o resultado ao seu favor, cun 24-37 ao descanso. Hierros deu o mellor de si en defensa, conseguindo frear aos de Sama en moitas ocasións, pero a falta de acerto dos capitalinos de cara a canastra rematou por decantar o resultado co definitivo 51-77 que deixa a CB Ribadeo cunha renda de 26 puntos de cara ao encontro de volta, que se disputará a vindeira fin de semana.

CB Viveiro, pola súa banda, recibirá a Ensino e defenderá a vantaxe de 17 puntos do encontro de ida.

JÚNIOR 2º DIV. MASCULINO 2ª FASE - SEMIFINAIS

RESULTADOS IDA

Ensino Lugo **72-89** CB Viveiro

H. Ferreiro **51-77** Ría Ribadeo

RESULTADOS VOLTA

CB Viveiro **---** Ensino Lugo

Ría Ribadeo **---** H. Ferreiro



O mariño Adrián saíndo co balón ante Juan e Callejo

2

ENCUNTOS DE VOLTA

CB Viveiro medírase esta fin de semana a Ensino na casa, defendendo os 17 puntos de renda do encontro de ida. CB Ribadeo recibirá a Hierros Ferreiro para sentenciar definitivamente a eliminatoria



Mario a piques de lanzar a canastra defendido por Callejo

CLASIFICACIÓN LIGAS AUTONÓMICAS

JUNIOR 1º DIV. FEMININO RESULTADOS

B. Coruña - C. Mariano	44-60
Peleteiro - Celta	63-67
C. María - Carmelitas	46-29
Bosco - Rosalia	52-70
Cortegada - Estudiantes	32-84
C. Artaba - Durán Ensino	52-96

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PELETEIRO	17	15	2	0	1051	798
CELTA RECALVI	16	15	1	0	1188	734
ROSALIA	17	13	4	0	1191	886
DURÁN ENSINO	17	12	5	0	1150	854
C. MARIANO	16	12	4	0	914	795
ESTUDIANTES	15	10	5	0	1064	772
BOSCO	16	6	10	0	801	888
COMPANIA MARIA	16	6	10	0	712	816
CARMELITAS	16	4	12	0	610	917
BASQUET CORUÑA	16	3	13	0	806	1051
COSTA ARTABRA	17	1	16	0	744	1335
CORTEGADA	17	1	16	0	722	1107

PRÓXIMA XORNADA

C. Artaba - B. Coruña
Durán Ensino - Cortegada
Estudiantes - Bosco
Rosalia - C. María
Carmelitas - Peleteiro
C. Mariano - Celta

INFANTIL 1º FEMININO NORTE RESULTADOS

Estudiantes - Peleteiro	85-52
Costa Artaba - Inmoponte	80-29
Junquera - Burela	55-44
Rosalia - CB Arxil	75-25

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
INSTITUTO ROSALIA	13	12	1	0	845	537
COSTA ARTABRA	13	8	5	0	796	653
ESTUDIANTES	13	8	5	0	752	700
JUNQUERA	13	8	5	0	792	611
MARIÑA BURELA	13	7	6	0	788	674
PELETEIRO	13	6	7	0	754	771
CB ARXIL	13	3	10	0	664	849
CAB INMOPONTE	13	0	13	0	283	879

ÚLTIMA XORNADA

Peleteiro - Rosalia
CB Arxil - Junquera
Mariña Burela - Costa Artaba
Inmoponte - Estudiantes

JUNIOR 1º DIV. MASCULINO RESULTADOS

Culleredo - C. Ourense	52-58
Obradoiro - Bosco	100-53
B. Ferrol - CB Tui	62-66
CB Allariz - Durán Ensino	52-84
Rosalia - Blanco Amor	67-46
Sigaltec - Estudiantes	72-81

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
OBRAIDRO	17	17	0	0	1481	855
ROSALIA CASTRO	17	14	3	0	1269	1019
ESTUDIANTES	17	14	3	0	1292	1112
DURÁN ENSINO	17	12	5	0	1264	1091
C.B. TUI MASCATO	17	10	7	0	1273	1261
SIGALTEC	16	7	9	0	1076	1122
CB ALLARIZ	17	6	11	0	1140	1275
B. FERROL	16	6	10	0	996	1140
BLANCO AMOR	17	5	12	0	1062	1197
KFC CULLEREDO	17	4	13	0	940	1178
CLUB OURENSE	17	3	14	0	978	1235
BOSCO	17	3	14	0	946	1232

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Culleredo
Sigaltec - Rosalia
Blanco Amor - CB Allariz
Durán Ensino - B. Ferrol
CB Tui - Obadoiro
Bosco - C. Ourense

INFANTIL 1º MASCULINO NORTE RESULTADOS

Culleredo - Montrove	79-43
Obradoiro - Estudiantes	79-76
B. Coruña - Maristas Lugo	59-50
Narón - Betanzos	58-59

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
OBRAIDRO CAB	13	13	0	0	943	643
BETANZOS	13	10	3	0	873	786
ESTUDIANTES	13	9	4	0	967	809
NARÓN	13	7	6	0	839	686
KFC CULLEREDO	13	5	8	0	743	840
MARISTAS LUGO	13	4	9	0	816	892
MONTROVE	13	3	10	0	825	934
BASQUET CORUÑA	13	1	12	0	608	1024

ÚLTIMA XORNADA

Montrove - Narón
Betanzos - B. Coruña
Maristas Lugo - Obadoiro
Estudiantes - Culleredo

CADETE 1º FEMININO NORTE RESULTADOS

Maristas - Peleteiro	71-56
C. Artaba - C. Ensino	56-84
Giraldo - Culleredo	42-46
Rosalia - Estudiantes	38-86

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PELETEIRO	14	12	2	0	900	690
ESTUDIANTES	14	12	2	0	994	776
C. ENSINO	14	9	5	0	935	814
MARISTAS C.	14	8	6	0	896	869
KFC CULLEREDO	14	6	8	0	792	869
COSTA ARTABRA	14	4	10	0	876	1001
ROSALIA	14	4	10	0	797	934
GIRALDO CBV	14	1	13	0	662	872

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETIÇÃO

Estudiantes - Culleredo
Sigaltec - Rosalia
Blanco Amor - CB Allariz
Durán Ensino - B. Ferrol
CB Tui - Obadoiro
Bosco - C. Ourense

PRE-INFANTIL FEM. NORTE RESULTADOS

Baxi Ferrol - Los Rosales	60-9
C. Artaba - B. Coruña	39-48
M. Burela - Estudiantes	58-60

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	10	9	1	0	567	330
MARIÑA BURELA	10	7	3	0	633	497
BASQUET CORUÑA	10	6	4	0	516	317
COSTA ARTABRA	9	7	2	0	532	329
BAXI FERROL	9	4	5	0	470	363
ESCLAVAS	10	1	9	0	121	568
BV LOS ROSALES	10	0	10	0	152	587

PRÓXIMA XORNADA

Mariña Burela - Los Rosales
Estudiantes - C. Artaba
Esclavas - Baxi Ferrol

CADETE 1º MASCULINO NORTE RESULTADOS

B. Coruña - B. Ferrol	73-71
Culleredo - Ría Ribadeo	88-69
C. Artaba - Ensino Lugo	46-65
Estudiantes - San Ciprián	79-81

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	14	12	2	0	1103	903
SAN CIPRIAN	14	10	4	0	963	879
ENSINO LUGO	14	10	4	0	1006	828
BASKET FERROL	14	7	7	0	962	950
B. CORUÑA	14	7	7	0	947	1000
CB RÍA RIBADEO	14	6	8	0	1005	1043
KFC CULLEREDO	14	3	11	0	900	1035
COSTA ARTABRA	14	1	13	0	719	967

FINALIZADA A 1ª FASE DA COMPETIÇÃO

Estudiantes - Culleredo
Sigaltec - Rosalia
Blanco Amor - CB Allariz
Durán Ensino - B. Ferrol
CB Tui - Obadoiro
Bosco - C. Ourense

PRE-INFANTIL MASC. NORTE RESULTADOS

B. Coruña - Culleredo	63-48
Tirso Molina - Maristas	78-44
Celtas Foz - Estudiantes	82-63
C. Artaba - B. Ferrol	49-84

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BASKET FERROL	12	11	1	0	858	553
BASQUET CORUÑA	12	10	2	0	826	639
CELTAS FOZ	12	9	3	0	845	658
TIRSO DE MOLINA	12	8	4	0	786	625
COSTA ARTABRA	12	4	8	0	727	808
ESTUDIANTES	12	4	8	0	736	758
KFC CULLEREDO	12	2	10	0	623	893
MARISTAS CORUÑA	12	0	12	0	353	820

PRÓXIMA XORNADA

Costa Artaba - Culleredo
Estudiantes - Tirso Molina
Maristas Coruña - B. Coruña
Celtas Foz - B. Ferrol

MINIBASKET 1º FEM. NORTE A1 RESULTADOS

Peleteiro - Estudiantes	56-74
Rosalia - Baxi Ferrol	77-25
Culleredo - C. Artaba	62-51

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PIO XII ROSALIA	1	1	0	0	77	25
ESTUDIANTES	1	1	0	0	74	56
KFC CULLEREDO	1	1	0	0	62	51
COSTA ARTABRA	1	0	1	0	51	62
PELETEIRO	1	0	1	0	56	74
BAXI FERROL	1	0	1	0	25	77

MINIBASKET 1º FEM. NORTE A2 RESULTADOS

Pontumio - Jesuitas	17-68
B. Coruña - Montrove	26-75

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
JESUITINAS	1	1	0	0	68	17
MONTROVE	1	1	0	0	75	26
BASQUET CORUÑA	1	0	1	0	26	75
PONTUMIO	1	0	1	0	17	68
ENSINO LUGO	0	0	1	0	0	0

MINIBASKET 1º MASC. NORTE A1 RESULTADOS

B. Ferrol - Culleredo	Apr.
Narón - Maristas Lugo	71-87
Rosalia - Obadoiro	83-65

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PIO XII ROSALIA	1	1	0	0	83	65
MARISTAS LUGO	1	1	0	0	87	71
NARÓN	1	0	1	0	71	87
REVI OBRAIDRO	1	0	1	0	65	83
BASKET FERROL	0	0	0	0	0	0
KFC CULLEREDO	0	0	0	0	0	0

MINIBASKET 1º MASC. NORTE A2 RESULTADOS

C. Artaba - Estudiantes	92-84
Ría Ribadeo - B. Coruña	83-88
Peleteiro - Montrove	48-51

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
COSTA ARTABRA	1	1	0	0	92	84
BASQUET CORUÑA	1	1	0	0	88	83
MONTROVE	1	1	0	0	51	48
PELETEIRO	1	0	1	0	48	51
CB RÍA DE RIBADEO	1	0	1	0	83	88
ESTUDIANTES	1	0	1	0	84	92

LIGAS PROVINCIAIS

INFANTIL 2º DIV. MASCULINO 01 RESULTADOS

Franciscanos - Sagrado	61-81
MGR Sarria - Cidade	26-76
CB Viveiro - Estudiantes	65-54
Ría Ribadeo - Ensino Galén	Venes
If Sarria - Mariña Burela	71-36

CLASIFICACIÓN

CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
IF SARRIA	16	12	4	0	999	670
CB RÍA DE RIBADEO	14	13	1	0	835	361
A. X. SAGRADO	15	12	3	0	999	506
FRANCISCANOS	16	11	5	0	959	678
CIDADE DE LUGO	16	11	5	0	880	641
MARIÑA BURELA	16	10	6	0	977	774
CB VIVEIRO	16	5	11	0	550	863
ESTUDIANTES	16	2	14	0	450	989
ENSINO GALEN	15	2	13	0	445	936
MGR C.B. SARRIA	16	0	16	0	296	972



Andrés, CB Viveiro, na loita polo balón ante Álex



O estudantil Pablo presionando unha saída de Alberto



Brais adentrándose na pintura ante a defensa de Rubén

IF Podología mete presión no máis alto da táboa nunha semana que será crucial

OS SARRIAOS TOMARON A PRIMERA PRAZA coa vitoria ante CB Burela, pero CB Ribadeo pode recuperala hoxe e asegurar o liderado de gañar o duelo pendente ante Sagrado Corazón



Alex iniciando un contraataque presionado por Brais



Os celestes Antón e Rubén ante o mariño Brais

Co aprazamento do partido entre CB Ribadeo e Galén e o triunfo dos sarriaos ante CB Burela, os de Rubén Pernas tomaron o primeiro posto, pero os de Sama recuperaríano hoxe mesmo de gañar o encontro aprazado no seu día ante Sagrado Corazón. Un triunfo dos mariños daría un golpe definitivo á liga regular, xa que a falta de dúas xornadas Ribadeo colocariase con dúas vito-

rias máis que CB Sarria e Sagrado -aos que lles ten gañado o average particular- e cun partido pendente, o correspondente a esta xornada ante Galén Ensino que se disputará o vindeiro venres a partir das 20:30h.

De ser así, IF Podología e Sagrado Corazón terán por diante dúas xornadas para asegurarse a segunda e terceira praza que tamén dan o pase á seguinte fase. Ambos equipos aventaxan nunha vitoria a Franciscanos e Cidade de Lugo, cuarto e quinto respectivamente.

Nicanor finaliza unha entrada ante a chegada de Pablo

Catro foron os encontros que se disputaron ao longo da fin de semana na categoría. A xornada abríase o sábado co encontro no Novo Chanto entre MGR Sarria e Cidade de Lugo, no que os capitalinos se fixeron co seu undécimo triunfo tras impoñerse 26-76 para seguir na loita por un posto no podio. CB Viveiro gañou na casa a Estudiantes por 65-54. Trala dura derrota da pasada xornada, Sagrado Corazón volveu á senda da vitoria ante Franciscanos -61-81- nun duelo crucial para ambos conxuntos. IF Podología, pola súa banda, superou a CB Burela 71-36 nun encontro no que a superioridade física dos locais marcou o devir do encontro.

Os mariños xogan hoxe contra Sagrado e poden da un golpe definitivo á Liga. O venres enfrontarase a Galén e o domingo a CB Burela

3

ENCUNTROS PARA CB RIBADEO

Os mariños xogan hoxe contra Sagrado e poden da un golpe definitivo á Liga. O venres enfrontarase a Galén e o domingo a CB Burela

INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01

RESULTADOS

Franciscanos - Sagrado	61-81
MGR Sarria - Cidade	26-76
CB Viveiro - Estudiantes	65-54
Ria Ribadeo - Ensino Galén	Venes
IF Sarria - Mariña Burela	71-36

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
IF SARRIA	16	12	4	0	999	670
CB RIA DE RIBADEO	14	13	1	0	835	361
A.X. SAGRADO	15	12	3	0	999	506
FRANCISCANOS	16	11	5	0	959	678
CIDADE DE LUGO	16	11	5	0	880	641
MARIÑA BURELA	16	10	6	0	977	774
CB VIVEIRO	16	5	11	0	550	863
ESTUDIANTES	16	2	14	0	450	989
ENSINO GALÉN	15	2	13	0	445	936
MGR CB SARRIA	16	0	16	0	296	972

PRÓXIMA XORNADA

IF Sarria - Sagrado
Mariña Burela - Ria Ribadeo
Ensino Galén - CB Viveiro
Estudiantes - MGR Sarria
Cidade Lugo - Franciscanos

1. Líder

BASKET

CADA MARTES

TODA

A INFORMACIÓN

DO BALONCESTO

BASE LUCENSE

CB SARRIA

O CLUB DE BALONCESTO REFERENTE NO SUR DA PROVINCIA exhibiu músculo na presentación oficial dos 14 equipos cos que conta esta tempada

O Club Baloncesto Sarria presentou no Pavillón do Novo Chanto a armada que forma o club esta tempada, formada por 14 equipos dende a categoría sénior ata babybasket.

Trala presentación dos xogadores e xogadoras, tanto dos catorce equipos federados como das diversas escolas depor-

tivas que o club ten en centros educativos da contorna, chegou o turno da foto colectiva, así como as diferentes instantáneas de cada conxunto coas diversas equipacións existentes, todas elas cos logotipos de institucións e empresas que fan posible a existencia desta estrutura deportiva.



MGR CB Sarria | Sénior Masculino



M.ª Teresa Martínez Parga CB Sarria | Júnior Feminino



MGR CB Sarria | Júnior Masculino



Oral Design CB Sarria | Cadete Masculino



Saneamientos Sarria | Infantil Feminino



Castro Agrasar CB Sarria | Infantil Feminino



IF Podología CB Sarria | Infantil Masculino



MGR CB Sarria | Infantil Masculino



Floristeria Madeira CB Sarria | Alevín Feminino



Cementos Cosmos CB Sarria | Alevín Feminino



Cristo Galicia CB Sarria | Alevín Masculino



MGR CB Sarria | Benxamín Feminino



Cementos Cosmos CB Sarria | Benxamín Masculino



Oribio Construcciones CB Sarria | Benxamín Masculino